

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP OS TILOS
CURSO: 1º PRIMARIA
DATA: 6/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles por áreas.

-Área de lingua e literatura castelá.

-Área de Matemáticas.

-Área de ciencias sociais.

-Área de ciencias naturais.

-Área de lingua e literatura galega.

-Área de educación artística (plástica).

-Área de valores sociais e cívicos.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Información e publicidade

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles por áreas

ÁREA DE LENGUA E LITERATURA CASTELÁ	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
BLOQUE 1. Comunicación oral: Falar e escoitar	
Participar en situacións de comunicación, dirixidas (p. e., asamblea) ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, orde no discurso, escoitar e apreciar as intervencións dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega a lingua oral con distintas finalidades, e como forma de comunicación e de expresión persoal (sentimentos, emocións...) en distintos ámbitos e situacións. -Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo, mostrando respecto e consideración polas ideas, os sentimentos as emocións dos demais. -Aplica as normas socio comunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa, adecuación á intervención do interlocutor, e certas normas e fórmulas de cortesía.
Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal das interaccións orais, complementadas con imaxes e sons.	-Emprega recursos non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais.
Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, adquirindo unha estrutura coherente e incorporando novo vocabulario.	<ul style="list-style-type: none"> -Exprésase cunha pronuncia e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. -Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. -Participa activamente na conversación, contestando preguntas e facendo comentarios relacionados co tema da conversación. -Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula.
Comprender mensaxes orais e analízalos con sentido crítico.	<ul style="list-style-type: none"> -Mostra unha actitude de escoita activa. -Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual. -Actúa en resposta as ordes ou as instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.
Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros mais habituais e directamente relacionados coas actividades da aula, imitando modelos.	<ul style="list-style-type: none"> -Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves, imitando modelos. -Recorda algunhas ideas básicas dun texto escoitado e as expresa oralmente en resposta a preguntas directas.
Utilizar de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender sendo capaz de escoitar activamente, preguntar e repreguntar, participar en diálogos dirixidos e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo a súa idade.	-Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral para comunicarse e aprender, escoitando activamente.
BLOQUE 2. Comunicación escrita: ler	
-Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación axeitada.	<ul style="list-style-type: none"> -Le en voz alta diferentes tipos de textos axeitados a súa idade con velocidade, fluidez e entoación axeitada. -Le con precisión todo tipo de palabras.
Comprender distintos tipos de textos adaptados a idade e utilizando a lectura como medio para	-Entende a mensaxe, de xeito global, e identifica as ideas principais dos textos lidos a partir da lectura

ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	dun texto en voz alta. -Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos axeitados a súa idade.
Ler en silencio diferentes textos, valorando o progreso na velocidade e na comprensión lectora.	-Realiza lecturas en silencio resumindo brevemente os textos lidos.
Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.	-Esforzase por comprender e interpretar as diferentes lecturas.
BLOQUE 3. Comunicación escrita: escribir	
Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas elementais, coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	-Escribe palabras, frases, textos breves propios do ámbito da vida cotiá, imitando textos modelo. -Escribe textos breves nos que comunica coñecementos, experiencias e necesidades.
Aplicar un proceso de escritura na produción de textos escritos de acordo con modelos sinxelos.	-Planifica os escritos dacordo cas normas establecidas nos modelos. -Aplica correctamente as normas ortográficas básicas. -Reproduce frases ou textos ditados con corrección.
Buscar unha mellora progresiva no uso de la lingua, explorando cauces que desenrolen a sensibilidade, a creatividade e a estética.	-Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
BLOQUE 4. Coñecemento da lingua	
Seguir un método sistemático de lectoescritura motivador.	-Interioriza progresivamente o proceso de lectoescritura. -Dedica un tempo diario ao método de lectoescritura establecido.
Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	-Incorpora na súa expresión oral e escrita novo vocabulario relativo a ámbitos cercanos.
Distingue algunha das características das palabras.	-Utiliza correctamente as normas da concordancia de xénero e de número.
Bloque 5. Educación literaria	
Apreciar o valor da literatura como fonte de disfrute e de enriquecemento persoal.	-Escoita e le textos tradicionais. -Recoñece e valora as características fundamentais dos textos tradicionais.
Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios.	-Realiza lecturas guiadas de textos da tradición oral e de obras ou fragmentos da literatura infantil axeitada a súa idade.
Traballar con textos literarios sinxelos adaptados a súa idade: poemas, cancións, fábulas, adiviñas...	-Coñece e valora textos breves e sinxelos, adaptados a súa idade: poemas, cancións, fábulas, adiviñas...

ÁREA DE MATEMÁTICAS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.	
Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	-Iniciase na comunicación verbal de forma razoada do proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos de realidade.

Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	<p>-Iníciase na análise e na comprensión do enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).</p> <p>-Iníciase na realización de estimacións e na elaboración de conxeturas sobre os resultados dos problemas a resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.</p> <p>-Iníciase na identificación de interpretación de datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (folletos publicitarios, rebaixas...).</p>
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, relativos aos contidos traballados, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas, e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	<p>-Iníciase na práctica do método científico, sendo ordeado, organizado e sistemático.</p> <p>-Iníciase na planificación do proceso de traballo con preguntas axeitadas: que quero averiguar?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei a facelo?, é a solución axeitada?</p>
Desenrolar e cultivar as actitudes persoais inherentes o que facer matemático.	<p>-Identifica, desenrola e mostra actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseverancia, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.</p> <p>-E quen de plantexar a resolución de retos e problemas ca precisión, esmero e interese axeitados ao seu nivel educativo e a dificultade da situación.</p>
Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	-Iníciase na toma de decisións nos procesos de resolución de problemas, valorando consecuencias e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións similares futuras.	-Iniciase na reflexión sobre os problemas resoltos e sobre os procesos desenrolados, valorando as ideas clave, aprendendo para situacións futuras similares, etc.
BLOQUE 2. Números	
Ler, escribir e ordenar os números naturais hasta o 99, utilizándoos na interpretación e na resolución de problemas en contextos reais.	<p>-Identifica e interpreta situacións da vida diaria nas que se utilizan os números naturais: recontos, enumeracións.</p> <p>-Utiliza os números ordinais hasta o décimo, en contextos reais, para describir coleccións ordenadas.</p> <p>-Le, escribe e ordena números naturais hasta o 99, aplicándoo a textos numéricos e a situacións da vida cotiá.</p> <p>-Nomea ou escribe o número anterior e o posterior de calquera número menor que 100, recoñecendo o sentido da seriación.</p>
Realizar cálculos numéricos básicos cas operacións de suma e resta.	-Realiza sumas e restas con números naturais, empregando os algoritmos aprendidos, en contextos de resolución de problemas.
BLOQUE 3. Medidas	
Elixir a unidade máis axeitada e utilizar o instrumento axeitado segundo a magnitude para medir obxectos, espazos con unidades de medidas non convencionais e convencionais.	<p>-Utiliza os instrumentos e as unidades de medida máis axeitadas para medir obxectos explicando oralmente o proceso seguido.</p> <p>-Expresa, aproximación ou encadre, a medida da lonxitude dun obxeto dado, utilizando unidades naturais (palmas, pes, pasos) ou unidades non convencionais.</p>

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
BLOQUE 1. Contidos comúns	
Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	-Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo. -Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. -Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.
Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo.	-Realiza traballos e presentacións sinxelas a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
-Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	-Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos. -Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
Respectar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.	-Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos, sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social creando estratexias para resolver conflitos.	-Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e crea estratexias para resolver conflitos. -Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, barrio etc.).
BLOQUE 2. O mundo que nos arrodea	
Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado a través da observación.	-Describe oralmente os elementos básicos do medio natural. -Realiza observacións dos elementos principais do contorno seguindo pautas marcadas polos adultos.
Coñecer a composición do aire e as súas principais características, comprendendo que é un elemento imprescindible para a vida.	-Describe de xeito sinxelo algunhas características do aire e identifícao como un elemento imprescindible para a vida.
Recoñecer a auga como elemento imprescindible para a existencia dos seres humanos e dos demais seres vivos, valorándoa como un ben indispensable e escaso e facendo un uso responsable dela	-Identifica a auga como elemento imprescindible para a existencia do ser humano e dos demais seres vivos. -Valora a auga como un ben escaso e desigualmente repartido e realiza un consumo responsable desta.
Desenvolver actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos, valorando o seu medio natural e o coidado deste.	-Desenvolve actitudes positivas fronte a problemas ambientais. -Recoñece os efectos positivos e negativos das actuacións humanas no medio natural e expresa, de xeito sinxelo, a súa opinión sobre iso. -Identifica as posibles causas da contaminación do

	aire e da auga e toma conciencia da necesidade da súa conservación para as futuras xeracións.
BLOQUE 3. Vivir en sociedade	
Recoñecer as relacións simples de parentesco, coñecer os seus apelidos, expresando o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.	-Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares. -Coñece os seus apelidos e a pertenza a unha familia con características e trazos propios.
Entender as tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.	-Identifica os membros da comunidade escolar e respecta as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.
Utilizar a linguaxe oral como medio para expresar sentimentos, desexos e ideas en situacións de comunicación habituais.	-Expresa sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral en situacións de comunicación habituais.
BLOQUE 4. As pegadas do tempo	
Iniciar a reconstrución da memoria do pasado próximo, partindo de fontes familiares.	-Realiza unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia, con axuda dos adultos, atendendo ás nocións básicas do tempo.
Utilizar o calendario, como representación do paso do tempo, localizando nel meses, días ou datas significativas.	-Localiza e sitúa datas significativas no calendario. -Sabe os días da semana e recoñece os anteriores e posteriores. -Sabe os meses do ano, recoñéceos no calendario e busca os anteriores e posteriores. -Diferencia as estacións do ano e explica oralmente as características de cada unha delas.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
BLOQUE 1. Iniciación á actividade científica	
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.	-De xeito moi guiado, busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, saca conclusións, comunica a súa experiencia, reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito. -Iníciase no uso das tecnoloxías da comunicación e a información para aprender a aprender e para comunicarse. -Utiliza as bibliotecas, videotecas, etc. e colabora no coidado e mellora dos materiais bibliográficos e outros documentos dispoñibles na aula e no centro.
Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou unha experiencia.	-De xeito moi dirixido realiza pequenos experimentos ou experiencias establecendo conxecturas respecto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan

Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	<ul style="list-style-type: none"> -Coñece e explica actuacións de primeiros auxilios e represéntaas en contextos de simulación. -Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, preguntando para obter información e pedindo aclaracións. -Iníciase no desenvolvemento de estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. -Iníciase no traballo de forma cooperativa, coidando a súa seguridade, a dos seus compañeiros, as ferramentas e os materiais.
BLOQUE 2. O ser humano e a saúde	
Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica e describe as partes do corpo humano. -Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñece algún dos elementos dunha dieta equilibrada e selecciónaos de entre varios argumentando a decisión. -Desenvolve hábitos para o coidado do corpo, valorando a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao corpo. -Identifica e manifesta condutas de hixiene e aseo persoal.
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as dos seus compañeiros.	<ul style="list-style-type: none"> -Iníciase na identificación das emocións e sentimentos propios e dos compañeiros, manifestando condutas empáticas.
BLOQUE 3. Os seres vivos	
Realizar observacións de seres vivos, formulándose previamente e durante estas, cuestións para obter información relevante.	<ul style="list-style-type: none"> -Observa e describe múltiples formas de vida e identifica as diferenzas entre seres vivos e os obxectos inertes. -Mostra interese pola observación e o estudo dos animais. -Manifesta e desenvolve hábitos de coidado e respecto polos animais.
Identificar e observar as características das plantas.	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica as características das plantas e recoñece diferentes tipos de plantas.

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
BLOQUE 1. Comunicación oral: Falar e escoitar	
Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	<ul style="list-style-type: none"> -Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.

Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. -Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. -Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. -Participa no traballo en pequeno grupo.
Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos demais.	-Atende as intervencións dos demais, en conversas e exposicións, sen interromper. -Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.
Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. -Respecta as opcións lingüísticas dos participantes nos intercambios orais. -Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita
Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	-Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
BLOQUE 2. Comunicación escrita: ler	
Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	-Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. -Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
Comprender distintos tipos de textos adaptados a idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.	-Entende a mensaxe, de xeito global, e identifica as ideas principais dos textos lidos a partir da lectura dun texto en voz alta. -Mostra comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos axeitados a súa idade.
Ler en silencio diferentes textos, valorando o progreso na velocidade e na comprensión lectora.	-Realiza lecturas en silencio resumindo brevemente os textos lidos.
Concentrarse en entender e interpretar o significado dos textos lidos.	-Esforzase por comprender e interpretar as diferentes lecturas.
BLOQUE 3. Comunicación escrita: escribir	
Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	-Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. -Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
Aplicar un proceso de escritura na produción de textos escritos de acordo con modelos sinxelos.	-Planifica os escritos dacordo cas normas establecidas nos modelos. -Aplica correctamente as normas ortográficas básicas. -Reproduce frases ou textos ditados con corrección.
Buscar unha mellora progresiva no uso de la lingua, explorando cauces que desenroten a sensibilidade, a creatividade e a estética.	-Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
BLOQUE 4. Coñecemento da lingua	
Seguir un método sistemático de lectoescritura motivador.	-Interioriza progresivamente o proceso de lectoescritura.

	-Dedica un tempo diario ao método de lectoescritura establecido.
Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	-Incorpora na súa expresión oral e escrita novo vocabulario relativo a ámbitos cercanos.
Distingue algunha das características das palabras.	-Utiliza correctamente as normas da concordancia de xénero e de número.
Bloque 5. Educación literaria	
Apreciar o valor da literatura como fonte de disfrute e de enriquecemento persoal.	-Escoita e le textos tradicionais. -Recoñece e valora as características fundamentais dos textos tradicionais.
Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios.	-Realiza lecturas guiadas de textos da tradición oral e de obras ou fragmentos da literatura infantil axeitada a súa idade.
Traballar con textos literarios sinxelos adaptados a súa idade: poemas, cancións, fábulas, adiviñas...	-Coñece e valora textos breves e sinxelos, adaptados a súa idade: poemas, cancións, fábulas, adiviñas...

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
Identificar diferentes tipos de liñas e formas e facer representacións con elas.	-identifica e nomea varios tipos de formas. -Entende as posibilidades das liñas para representar diferentes formas.
Distinguir diferentes texturas nas plantas, animais e obxectos.	-Entende que as texturas serven para manifestar sentimentos. -Pode realizar clasificacións en funcións das texturas. -Representa texturas básicas con trazos sinxelos.
Reutilizar diversos materiais para transformalos nunha expresión artística	-Coñece e aplica diversas formas de reciclaxe na arte.
Identificar e completar patróns básicos con liñas, formas e cor.	-Crea composicións utilizando variedades de patróns. -Entende os patróns que repiten liñas formas e cores.
Recoñecer e representar paisaxes naturais e urbanas.	-Identifica e representa diversas paisaxe naturais e urbanas. -Organiza o espazo nunha paisaxe. -Comprende o concepto de primeiro plano.
Completar simetrías.	-Comprende a simetría. -Identifica obxectos simétricos.

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APREDIZAXE
Crear unha imaxe positiva dun mesmo valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante linguaxe oral e	-Expresa a percepción da súa propia identidade. -Expresa oralmente a súa autodescrición.

representacións.	
Tomar conciencia das emocións recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	<ul style="list-style-type: none"> -Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e cualidades persoais. -Identifica e comunica as súas emocións. -Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións. -Dramatiza diferentes estados de ánimo.
Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor. -Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía. -Realiza tarefas seguindo as pautas acordadas.
Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	<ul style="list-style-type: none"> -Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal. -Responde a preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.
Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade. -Expresa adecuadamente experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.
Comprender outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	<ul style="list-style-type: none"> -Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo. -Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.
Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas cualidades e facer cumprimentos.	<ul style="list-style-type: none"> -Describe oralmente as características de diferentes persoas. -Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas. -Identifica e comunica as emocións dos personaxes en fotografías, pinturas ou películas. -Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas cualidades e emite cumprimentos.
Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	<ul style="list-style-type: none"> -Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social. -Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras. -Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	<ul style="list-style-type: none"> -Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. -Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada á súa idade. -Coñece e enumera as normas de convivencia na aula.
Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	<ul style="list-style-type: none"> -Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares. -Fai uso adecuado do material. -Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

2. Avaliación e cualificación.

A avaliación deste curso será levada a cabo tendo en conta os contidos e traballo realizado de xeito presencial durante o primeiro e segundo trimestre. Para iso, levouse a cabo a adaptación de criterios e estándares que foi mostrada no punto anterior.

Con respecto ao traballo feito no terceiro trimestre, este non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestre. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.

As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo que se poida facer durante este terceiro trimestre.

Obtención dos mínimos esixibles para o logro das Competencias Clave:

Atención

Traballo diario.

Orden e limpeza nas distintas actividades.

Esfuerzo positivo cara o traballo e responsabilidade ante as tarefas encomendadas.

Rematar as tarefas.

Actitude cara a comunidade educativa (compañeiros/as, profesorado...)

Autonomía persoal e disposición para aprender a aprender.

Para a avaliación final servirán de referencia as seguintes porcentaxes:

<i>Criterios de Cualificación</i>	<i>%</i>	<i>Instrumentos de Avaliación</i>
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas unidades.	60%	Fichas, cadernos de traballo e probas obxectivas orais e escritas.
Orden e limpeza, caligrafía, esforzó, interese e destrezas.	20%	Observación directa e continua
Tempo de realización, participación, actitude, cumprimento das normas e escoita.	20%	Observación directa e continua

En caso de que a materia non fora superada na primeira e/ou a segunda avaliación, como xa foi dito, poderá recuperarse co traballo que se faga durante o terceiro trimestre.

Avaliaranse os reforzos e a materia que se avance unicamente para favorecer a cualificación final do alumnado. Non empeorará a cualificación obtida polo alumnado na primeira e na segunda avaliación. Respecto aos criterios de promoción, o equipo docente valorará a evolución académica do alumnado e as posibilidades que ten de continuar no curso posterior cun programa de reforzo correspondente en caso de precisalo. Os criterios de promoción aplicaranse sempre pensando en non prexudicar ao alumnado polo cambio á metodoloxía non presencial. A repetición será unha medida excepcional e estará sempre solidamente argumentada e acompañada dun plan de recuperación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

A nivel global diremos que seguimos unha metodoloxía constructiva, achegándonos a realidade dos alumnos/as e as súas diferencias individuais.

Asimismo, búscase unha aprendizaxe significativa, partindo dos coñecementos do neno/a e afianzando neles as futuras adquisicións. Tamén utilízase unha metodoloxía lúdica, divertida, con actividades variadas, que chamen a atención do alumno/a, para que se achegue ó mundo con ganas, que lle gusten e así as poida levar á súa vida cotiá.

Durante este terceiro trimestre a participación en todas as actividades propostas e o traballo estarán enfocados principalmente ao repaso, reforzo e recuperación e adaptado en función da área, tendo en conta a situación de cada alumno ou alumna coa fin de non sobrecargalos de tarefas excesivas.

Combináranse traballos tanto da materia como interdisciplinares, os cales estarán a disposición das familias na aula virtual do curso.

Buscando un reforzo positivo e manter o contacto con e entre o alumnado, semanalmente realizaremos reunións en pequeno grupo vía videoconferencia.

Se levarán a cabo diferentes propostas que abranguen dende o traballo coas TICs, a realización de diferentes fichas de traballo impresas ou traballos colaborativos e de experimentación.

Os principios básicos que se terán en conta son:

- Reforzo positivo: é importante que os alumnos/as estén continuamente motivados, e a motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte da mestra. De esta forma, crearase un ambiente de confianza no que o alumno/a sintase seguro.
- Progresión: hai que seguir unha progresión nas actividades; é dicir, ir do doado ó difícil, do sinxelo ó complexo, paulatinamente.
- Interese: as actividades plantexadas ós alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades de éstos, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- Individualización: hai que respetar as características morfolóxicas, cognitivas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a; cada un “é como é”.
- Competencia Comunicativa: A través da nosa sección bilingüe buscamos o desenvolvemento da súa Competencia Comunicativa, a través do plurilingüismo.

4. Información e publicidade

- Como se indicou no apartado anterior, estaremos a disposición do alumnado para manter con eles un contacto semanal a través de videoconferencias que nos servirán tanto para levar a cabo reforzos, como manter o contacto con e entre o alumnado e levar a cabo pequenas titorías.
- Coas familias manteremos a comunicación tanto a través do mail, como coas videoconferencias ou vía telefónica en función das necesidades e posibilidades de cada caso.
- Ademais disto, toda a información relevante que deba ser coñecida por todas as familias será sempre publicada na web do centro.